

Modificacións na programación respecto a 3ª avaliación

A causa da urxencia sanitaria producida polo COVID-19 e a suspensión das clases presenciais, cambiou a forma de traballo co noso alumnado. Estes cambios na programación son presentados a continuación. Aclarar que, de acordo co disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, o traballo da terceira avaliación será avaliado unicamente de maneira positiva, valorando o traballo e esforzo do alumnado ante as distintas tarefas que sexan propostas durante esta avaliación. E de ningunha maneira, o alumnado poderá ser penalizado polo traballo desta terceira avaliación.

1. Criterios e estándares de avaliación.

Lingua galega

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe
LG-B1.3	2º-LGB1.3.1 - Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
LG-B1.4	2º-LGB1.4.1 - Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper.
LG-B1.6	2º-LGB1.6.1 - Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
LG-B2.1	2º-LGB2.1.3 - Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).
LG-B2.3	2º-LGB2.3.1 - Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.
LG-B3.1	2º-LGB3.1.2 - Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.

LG-B3.1	2º-LGB3.1.3 - Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.
LG-B3.1	2º-LGB3.1.4 - Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
LG-B3.4	2º-LGB3.4.1 - Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.
LG-B3.5	2º-LGB3.5.1 - Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
LG-B4.2	2º-LGB4.2.1 - Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.

Lingua castelá

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterios de aprendizaxe	Estándares de aprendizaxe
LC-B1.2	2º-LCB1.2.2 - Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.
LC-B1.3	2º-LCB1.3.1 - Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.
LC-B1.4	2º-LCB1.4.1 - Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.
LC-B1.11	2º-LCB1.11.1 - Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
LC-B2.2	2º-LCB2.2.1 - Identifica o tema dun texto sinxelo.

LC-B2.3	2º-LCB2.3.3 - Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.
LC-B2.8	2º-LCB2.8.1 - Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.
LC-B3.1	2º-LCB3.1.1 - Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios
LC-B3.1	2º-LCB3.1.2 - Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc
LC-B3.4	2º-LCB3.4.2 - Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.
LC-B4.3	2º-LCB4.3.1 - Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.
LC-B4.4	2º-LCB4.4.1 - Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
LC-B4.4	2º-LCB4.4.3 - Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias
LC-B5.5	2º-LCB5.5.1 - Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.

Ciencias Sociais

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe
CS-B1.1	2º-CSB1.1.1 - Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.
CS-B1.1	2º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades
CS-B1.3	2º-CSB1.3.1 - Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.

Ciencias Naturais

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe
CN-B2.2	2º-CNB2.2.2 - Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
CN-B3.1	2º-CNB3.1.2 - Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.
CN-B3.2	2º-CNB3.2.1 - Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.

Matemáticas

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe
MT-B1.2	2º-MTB1.2.1 - Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.
MT-B2.1	2º-MTB2.1.1 - Le, escribe e ordena números ata o 999.
MT-B2.1	2º-MTB2.1.3 - Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes
MT-B2.2	2º-MTB2.2.3 - Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
MT-B2.3	2º-MTB2.3.1 - Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.
MT-B2.3	2º-MTB2.3.2 - Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
MT-B2.4	2º-MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
MT-B3.1	2º-MTB3.1.1 - Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.
MT-B4.2	2º-MTB4.2.1 - Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.
MT-B4.3	2º-MTB4.3.1 - Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.
MT-B5.1	2º-MTB5.1.1 - Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.

2. Avaliación e cualificación:

Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020:

7.2. A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo en todas as etapas, ciclos e ensinanzas, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

7.3. A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.

Tendo en conta isto, o procedemento de avaliación está condicionado pola situación na que nos atopamos, polo tanto, farase mediante a recollida de traballos recibidos por correo electrónico. E os instrumentos de avaliación son: os cadernos de clase, fichas tradicionais e interactivas, vídeos e o libro de texto.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Por causa do aillamento do alumnado, as tarefas pasarán a ser unhas tarefas baseadas principalmente nun traballo cooperativo a tarefas individuais. Con este traballo individual o alumnado desenvolverá habilidades de busca, análise e procesamento da información; ademais de desenvolver diferentes estratexias para a resolución de problemas e tarefas.

Ademais, esta situación fará que o uso das TIC sexa indispensable, xa que os nenos deberán, entre outras actividades, traballar con fichas e xogos interactivos, plataformas online, materiais e recursos da rede, como por exemplo a visualización de vídeos en plataformas como Youtube; sacar fotografías, grabar vídeos, etc.

No caso do alumnado sen conexión a coordinación co concello é fundamental para facerlle chegar material fotocopiado e libros.

O traballo colectivo, onde se fomentará, entre outras cousas, as relacións do alumnado ou o respecto das quendas de palabra, farase a través de reunións online.

Por último, como xa aparecía especificado na programación, o aprendizaxe será significativo, tentando sempre motivar e favorecer a autoestima do alumnado.

4. Información e publicidade.

O contacto coas familias do alumnado farase a través do correo electrónico. Tanto as tarefas, como informacións varias, dúbidas ou reunións online serán comunicadas a través desta plataforma. Por outra banda, 2º de primaria, dispón dun apartado na aula virtual do noso centro onde todas esas informacións serán tamén volcadas para aquelas familias que puideran ter algun problema co correo electrónico. Ademais será o medio polo cal os especialistas poderán propoñer ao alumnado distintas tarefas máis concretas das súas asignaturas.